

## Autobiografías - Instrucións

Participar na nova **sección de autobiografías** da nosa web [dogrisaovioleta.gal](http://dogrisaovioleta.gal) é moi sinxelo, só tes que seguir os **pasos** que che indicamos a seguir:

1. Queremos **coñecerte** e, para isto, gustaríanos que nos falases da túa vida, dos teus gustos e intereses ou nos contes algunha anécdota. Para facelo, propómosche dúas opcións:

### Opción A: Autobiografía

Redacta unha breve descrición ou biografía, onde nos contes a túa vinculación coa cidade de Pontevedra, a que te dedicas ou algún logro persoal (non máis de tres liñas). Un exemplo sería:

*Laura Agrelo (1991), natural de Xeve e escritora especializada en literatura infantil e xuvenil. Ademais, mestra de infantil e amante da cociña, que soña con conseguir facer unha empanada tan rica como a da súa nai.*

Cóntanos unha anécdota persoal, unha experiencia vital, un desexo, un soño... Podes elaborar un texto escrito coas túas propias palabras ou enviarnos un vídeo contando este soño ou anécdota; nós encargámonos de transcribilo.

### Opción B: Entrevista

Se prefires que sexamos nós quen elaboremos esa biografía, precisamos que respondas algunhas preguntas ou que entrevistes á persoa que che gustaría engadir na nosa web. Para iso, atoparás a seguir un modelo de entrevista; é só unha proposta de guión e talvez algunhas preguntas non encaixen co teu perfil ou o da persoa que entrevistas.

- **Datos persoais básicos:**
  - Nome e apelidos
  - Lugar e data de nacemento
  - Lugar de residencia actual
  - Cal é a súa vinculación con Pontevedra?
- Como lembra a **infancia**?
  - A que se dedicaba a súa familia? Eran moitas persoas na casa?
  - Tiña que traballar de nena? Que tipo de traballos facía? Con que anos facía estes traballos?
  - E tiña tempo para xogar? A que xogaban? Con quen xogaba? Onde?

Con nenos e nenas ou só con nenas?

- Foi á escola? Na súa casa quen foi á escola: irmáns, irmás...? A onde ía á escola? Ata que anos foi?
- Cando era unha **adolescente**, que expectativas de vida tiña?
  - Puido decidir se seguir na escola ou non? Puido decidir a que se quería dedicar? Que lle gustaría ter sido?
  - Como se moceaba? Existía presión social por ter parella? Que prácticas sexuais ou amorosas se permitían (ir da man, dar bicos en público...?)
  - Ía ás festas? A onde? Que había nesas festas? Cantaban? Danzaban? Quen tocaba a música? E ía ao cine?
- O seu **traballo** era...
  - Cal foi o seu primeiro traballo? A que anos comezou a traballar? Que tarefas lle gustaban máis? E menos?
  - Como lembra ese traballo? En que consistía? Cantas horas traballaba? Como chegou a traballar aí?
  - Tivo outros empregos? En que consistían?
- Na idade **adulta**, casou e tivo fill@s?
  - Con cantos anos casou? Estaba ao coidado de alguén ademais do home e fill@s? Cal era a súa contribución económica ao matrimonio? Xestionaba os seus cartos ou dábaos?
  - Cant@s fill@s tivo? Coidalos era cousa súa ou tivo axuda de alguén? Como compaxinaba o traballo seu coa atención @s fill@s?
  - Ía a festas ou bailes sen o seu home? Ía el sen vostede?
- Na **vellez** reflexiónase sobre a vida pasada, bota algo en falta?
  - Ten pensión polo seu traballo?
  - Ten enfermidades derivadas do traballo?
  - Gustaríalle ter feito algo que non puido facer?

**2.** Agora que xa sabemos moito sobre ti, escolle unha **fotografía** que che guste para engadir na nosa web. Serve unha imaxe do teu móbil ou unha que poidas escanear.

**3.** Para que poidamos utilizar a túa fotografía para o proxecto, necesitamos o teu permiso, por iso che pedimos que asines a **autorización de uso de imaxe** (podes atopar o documento en PDF na nova da nosa web, ao carón de onde atopaches as instrucións).

**4.** Unha vez respondidas as preguntas da nosa **entrevista**, seleccionada a **foto** e asinada a **autorización**, só queda o último paso: enviar todo ao noso enderezo electrónico [info@dogrisaovioleta.gal](mailto:info@dogrisaovioleta.gal)

**Moitas grazas pola túa participación e benvida á Memoria das Mulleres!**